

ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contra da sanción, en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o presidente do Consello de Administración segundo o establecido no acordo de delegación de competencias do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, publicado por Resolución do 1 de setembro de 2008 no DOG nº 190, do 1 de outubro.

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e poderá facerse efectiva en período voluntario o importe da sanción, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Galego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.

De non efectuarse o ingreso no devandito prazo, procederase á súa exacción por vía executiva.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2010.

José Ignacio Villar García  
Director de Portos de Galicia

#### ANEXO

Expediente: sanc. 13-14-09-03.

Denunciante: celador do porto.

Denunciado: Luís Pérez Rincón.

Último enderezo coñecido: Almirante Regalado, 38, 36994 Combarro (Pontevedra).

Feito denunciado: instalación de terraza sen autorización.

Precepto infrinxido: artigos 114.1º a) e 114.2º d) Lei 27/1992. Anexo 03 Lei 6/2002. Artigos 58 e 60 O.M. 12-6-1976.

Precepto sancionador: artigo 120 Lei 27/1992.

Sanción proposta: 110,95 euros.

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### Anuncio.

Anúnciase extravío de título propio de máster en Análise e Xestión da Innovación Tecnolóxica, expedido pola USC a favor de Elena Gómez-Segade González, con data do 7 de abril de 1999, número de rexistro universitario 200100777 e clave alfanumérica USC-03737-C.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2010.

Isabel García-Rodeja Gayoso  
Secretaria xeral da Universidade de Santiago de Compostela

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE AMES

#### Edicto.

Lorena Martínez Seijas solicita nesta Alcaldía licenza municipal para instalar unha clínica de podoloxía na rúa Agro do Medio, 16, local 6, O Milladoiro.

Para cumprir co disposto no punto 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, e con base na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, sométese a información pública por un período de 20 días hábiles que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*.

Durante este tempo as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poderán examinar o expediente en Urbanismo, no Departamento de Aperturas, sito na rúa Alcalde Lorenzo, 2, Bertamiráns, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Ames, 16 de febreiro de 2010.

Carlos A. Fernández Castro  
Alcalde

### CONCELLO DE BECERREÁ

#### Edicto.

Montajes Baleira, C.B. solicitou desta Alcaldía licenza municipal para proxecto de actividade para implantación dun obradoiro de carpintería metálica, que se situará no parque empresarial de Becerreá

parc. 5. Cumprindo o disposto no parágrafo 3º, do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Becerreá, 22 de febreiro de 2010.

Manuel Martínez Núñez  
Alcalde

### CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

*Edicto.*

Solicitando desta Alcaldía Covadonga Dios Cores como representante de Bar O Porto licenza municipal para acondicionamento de local para café-bar, para situar na rúa paseo do Cantiño nº 5, baixo, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, co fin de que durante este período, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP de Pontevedra e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

A Illa de Arousa, 10 de febreiro de 2010.

José Manuel Vázquez Vázquez  
Alcalde

### CONCELLO DE LUGO

*Anuncio de información pública.*

José Luis Pérez López solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dun establecemento de comercio por xunto de perfumaría e produtos de beleza na rúa Alcalde Ramiro Rueda Fernández, nº 15, baixo.

Conforme o disposto no número 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, co fin

de que durante este -que empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación deste edicto- poidan examinar o expediente no Servizo de Licenzas as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Lugo, 27 de xaneiro de 2010.

P.D. (Decreto Alcaldía 74/2008)  
María Novo Pena  
Delegada da Área de Urbanismo

### CONCELLO DE NARÓN

*Edicto.*

Solicitou da Alcaldía *Sincro Mecánica, S.L.* licenza municipal para a apertura dunha nave dedicada á actividade de fabricación de compoñentes, retrofitting e ensamblaxe de trens de potencia para aerorexadores, situada no polígono industrial de Freixeiro km 1,4. Cumprindo o disposto no punto 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles contados a partir do seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo e formular por escrito as alegacións que estimen oportunas no Departamento de Urbanismo deste Concello.

Narón, 2 de febreiro de 2010.

Alfonso de Prado Fernández-Canteli  
Secretario xeral

### CONCELLO DE PALAS DE REI

*Anuncio.*

Por resolución da Alcaldía do 2 de marzo de 2010 aprobouse a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de axente de desenvolvemento local vacante no cadro de persoal deste concello.

No BOP nº 111, do 18 de maio de 2009, aparecen publicadas integramente as bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Concello de Palas de Rei, no marco da consolidación de emprego temporal e no BOP nº 44, do 24 de febreiro de 2010, publícanse integramente as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de axente de desenvolvemento local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Palas de Rei, no marco do proceso de